

## **MOCIÓN DE AER SOBRE ACCESIBILIDADE**

PLENO 3 XULLO 2014. ACTA 9/2014

Estamos seguros que todos estamos especialmente sensibilizados coas dificultades que padecen a acotío as persoas con determinadas discapacidades e que lles impiden levar adiante unha vida “normalizada” en cada un dos ámbitos da súa existencia.

Existen barreiras arquitectónicas, pero tamén barreiras de accesibilidade en moitas das actividades que no Concello se realizan. Podemos valorar positivamente que se teña acceso ao Multiusos mediante ascensor, pero non tanto que dentro carezan de zona adaptada na que situarse coas súas cadeiras. Recentemente se fixo un importante investimento no pavillón de Redondela, pero ten as mesmas carencias. As posibilidades de asistencia aos Plenos, deixamos que as valoren vostedes. O aparcamento “PÚBLICO” da Xunqueira non conta con esa accesibilidade que demandamos. As persoas con discapacidade visual non teñen acceso aos Plenos municipais a non ser de xeito presencial, así como á diferente documentación que na web do Concello se lle ofrece ao resto da cidadanía. Proximamente assistiremos á inauguración dun campo de fútbol no que xa veremos que tipo de accesibilidade se prevé e que ubicación se lle adjudicará a estas persoas. O mesmo problema temos cos caixeiros, autobuses, etc.

Tamén moi recentemente fíxose unha inversión moi importante na praza de abastos pero... ¿accesibilidade ao andar superior?.

Non podemos menos que salientar o paradoxo máis significativo: ¿Que grao de accesibilidade ten o lugar no que están situados os Servizos Sociais?.

As carencias e a falta de accións neste eido son realmente salientables nun Concello do século XXI en Europa. Quen mellor tería impulsado, guiado e posto de manifesto as carencias e as liñas de actuación, ben puideron ser os propios afectados. Pero ..... todos vostedes entenderon que a creación dun Observatorio Municipal da Discapacidade, coma o que hai en moitos concellos de España, non procedía. Aqueles pos traen estas lamas.

Por todo o mencionado e moito do que habería que mencionar propoñemos ao pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

1. Elaboración nun prazo de 6 meses dun informe municipal de accesibilidade de todos e cada un dos edificios públicos.
2. Compromiso, para cumprir, de que cada obra con licenza municipal leve un anexo no que o técnico municipal responsable acredite a accesibilidade.
3. Compromiso que cada acto realizado polo Concello ou coa súa colaboración levará aparellado un informe de accesibilidade.
4. -Compromiso de iniciar a transformación da web municipal que permita adecuarse aos estándares de accesibilidade que rexen para as administración.

5. Compromiso de establecer un mínimo de un curso de formación específico para persoas con discapacidade e/ou enfermidade mental crónica axeitado a posibles necesidades municipais.

6. Elaboración por parte do Concello de Redondela dun “programa específico de actuación” respectando o Artigo 61º do Decreto 35/2000 co fin de presentalo na demanda de subvención do “fondo para a supresión de barreiras”

7. En caso de ser necesario, pedir asesoramento no “consello galego para a promoción da accesibilidade e a supresión de barreiras”

#### **VOTACIÓN E ACORDO.-**

Sometida a moción a votación por puntos, resulta o seguinte:

Punto 1, Se acorda cambiar “o prazo” por “A maior brevidade posible”, sendo aprobado por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes.

Punto 2, aprobado por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes.

Punto 3, resulta Rexeitado por 12 votos en contra (10 do PP e 2 do BNG), 8 abstencións ( 8 do PSdeG-PSOE) e 1 voto a favor ( 1 do AER).

Punto 4, aprobado por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes.

Punto 5, aprobado por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes.

Punto 6, aprobado por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes.

Punto 7, aprobado por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes.